



Concello de  
Camariñas  
A CORUÑA

Máis información:

[cultura@camariñas.net](mailto:cultura@camariñas.net)

Tel. 981737234

[www.camariñas.net](http://www.camariñas.net)

[www.facebook.com/concellocamariñas](https://www.facebook.com/concellocamariñas)

# ENTROIDO 2016



# CONCELLO DE CAMARIÑAS



# ENTROIDO 2016

## FESTAS DO ENTROIDO

### Sábado 6 de febreiro: Entroido na Ponte do Porto

17.00h no Pavillón Municipal

Festa infantil con circuito de inchables, maquillaxe, globoflexia, xogos musicais e desfile de disfraces con agasallos.

### Domingo 7 de febreiro: Entroido en Xaviña

16:00 na praza da igrexa baixo unha gran carpeta

Festa tradicional co dúo Diamante, premio ao disfrace mellor elaborado, premio ao mellor espectáculo, orellas, filloas, chocolate e sorteo dun porquiño.

Organizan Asociación Abrindo Rejo e Concello de Camariñas.

### Luns 8 de febreiro: Entroido en Camelle e en Camariñas

17.00h na Casa do Alemán

Festa infantil con inchable, música, xogos, maquillaxe, globoflexia e desfile de disfraces con agasallos.

17:00h na Casa de Pedra

Festa infantil con discoteca infantil, karaoke, desfile de disfraces, fotomatón, maquillaxe, globoflexia e agasallos.

## EXIBICIÓ DO GRUPO DE BAILE "PONTE A BAILAR"

Nas mañás da semana do entroido máis de 50 bruxos e bruxas encherán de maxia as rúas do noso Concello. Música e malabares de mans do grupo de baile "Ponte a bailar" percorrerán todas as nosas parroquias.

Sábado 6 de febreiro, ás 11:00 en Camariñas da Praza de Insuela ao peirao novo.

Domingo 7 de febreiro, ás 11:00 na Ponte do Porto da rúa Gándara á Rúa Curros.

Luns 8 de febreiro, ás 11:00 en Camelle da rúa Principal á Casa do Alemán e ás 12:00 en Arou da rúa Principal á praia.

Martes 9 de febreiro, ás 11:00 en Xaviña da escola á praza da igrexa.

## CONCURSO DE COMPARSAS

Martes 9 de febreiro

17.00h no Pavillón Municipal

Gran festa con concurso de minicomparsas e comparsas, música, animación, inchables, palomitas e algodón de azúcar.

### PREMIOS MINICOMPARSAS

(de 3 a 10 compoñentes)

1 premio: 200€

2 premio: 100€

3 premio: 70€

### PREMIOS COMPARSAS

(de máis de 10 compoñentes)

1 premio: 350€

2 premio: 200€

3 premio: 150€

## AXUDAS PARA GASTOS DE ELABORACIÓN DE DISFRACES

A subvención consiste en 5€ por cada un dos compoñentes do grupo que se presente ao concurso de comparsas e minicomparsas do martes 9 de febreiro en Camariñas.

(Requisito indispensable para optar á axuda é que como mínimo a metade dos compoñentes estean empadroados no Concello de Camariñas)

Prazo para a solicitude de axudas e participación no concurso de comparsas: 8 de febreiro ata as 14.00h.

Consulta de bases do concurso na biblioteca ou en [camarinhas.net](http://camarinhas.net)

## ENTERRO DA SARDIÑA

Sábado 13 de febreiro

A nosa amiga a sardiña faleceu o mércores de cinza despois de tanta enchenta do entroido, ou iso nos dixo a pitonisa.

D.E.P.

Os seus familiares e amigos rogan a asistencia multitudinaria ao velorio que será na Casa de Pedra ás 18:30. Agradécese vir de luto e chorar moito.

O séquito sairá hacia a Praza do Mercado onde será o funeral e inhumación da querida sardiña. A música acompañaranos na marcha e ao final haberá unha gran chocolatada para cumprir cos últimos desexos da finada.